

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se designan os membros e se fai pública a composición do tribunal que deberá elaborar, supervisar e avaliar as probas para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18, e se ditan instrucións para a realización das probas correspondentes.

Pola Orde do 27 de febreiro de 2018 convócanse os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18 (DOG do 15 de marzo). No artigo 10 establécese que o alumnado deberá realizar unha proba que terá carácter único en todo o territorio da Comunidade e que a realización desta proba terá lugar o día 22 de xuño de 2018.

De conformidade co establecido no artigo 12 e na disposición derradeira primeira da citada Orde do 27 de febreiro de 2018 pola que se convocan os premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18,

DISPOÑO:

Primeiro. Designar os membros do tribunal que deberá elaborar, supervisar e avaliar a proba para a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2017/18 e facer pública a súa composición, que é a que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Fixar o horario, os lugares de realización das probas e as condicións de presentación dos candidatos e das candidatas.

1. A proba realizarase o día 22 de xuño de 2018, de acordo co seguinte horario:

- 9.30 horas, presentación dos candidatos e das candidatas.
- 10.15 a 12.15 horas, primeira parte da proba.
- 12.45 a 13.45 horas, segunda parte da proba.

2. Lugares en que se realizarán as probas.

- Provincia da Coruña:

Centro Integrado de Formación Profesional (CIFP) Someso. Rúa Someso, nº 6, A Coruña.



– Provincia de Lugo:

IES Sanxillao. Avenida das Fontiñas, nº 171, Lugo.

– Provincia de Ourense:

IES Ramón Otero Pedrayo. Rúa Padre Feixoo, nº 19, Ourense.

– Provincia de Pontevedra:

IES Sánchez Cantón. Avenida Raíña Victoria, Pontevedra.

Terceiro. *Presentación dos candidatos e das candidatas*

a) Os candidatos e as candidatas deberán realizar as probas, con carácter xeral, na provincia a que pertenza o centro educativo en que se atope o seu expediente académico. A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá autorizar cambios de sede por causas debidamente xustificadas.

b) Para a realización das probas os candidatos e as candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Santiago de Compostela, 18 de abril de 2018

Manuel Corredoira López
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

ANEXO
Tribunal

Titulares:

Presidenta: María del Carmen Cimadevila Cea, subdirectora xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.

Vogal 1: Berta Estrada Arias, inspectora de educación.

Vogal 2: Federico Pérez Morán, inspector de educación.

Vogal 3: José Fisteos Suengas, inspector de educación.

Vogal 4: Pedro Alberto Areal Alonso, inspector de educación.



Suplentes:

Presidente: Manuel Vila López, subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado.

Vogal 1: Isabel Serna Masiá, inspectora de educación.

Vogal 2: Íñigo Barreiro García, inspector de educación.

Vogal 3: María del Pilar Barandela Sandianes, inspectora de educación.

Vogal 4: José Carlos Barros Pardo, inspector de educación.

